



Persoas beneficiarias:

O proxecto vai dirixido a persoas desempregadas da provincia que cumpran cuns requisitos mínimos de acceso:

- Estar inscritas na oficina de emprego correspondente e coa tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada
- Ter cumpridos os 18 anos de idade
- Estar empadroados/a nalgún dos concellos adheridos ao proxecto
- Cumprir cos requisitos de formación adscritos a cada unha das accións formativas
- Pertencer a algún dos seguintes colectivos:
 - Xoves menores de 30 anos
 - Persoas maiores de 45 anos
 - Persoas desempregadas de longo duración
 - Inmigrantes non comunitarios con permiso de traballo
 - Persoas afectadas por algunha minusvalía física, psiquia ou sensorial que non supoña ningún impedimento físico ou psicolóxico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai asociada a formación
 - Persoas sometidas a maltrato físico ou psicolóxico
 - Persoas en proceso de rehabilitación ou reinserción social, tales como ex toxicómanos ou ex reclusos
 - Persoas pertencentes a etnias desfavorecidas ou minoritarias na sociedade
 - Xoves que non superasen a ensinanza obrigatoria
 - Outras persoas calificadas en exclusión social polos solicitantes da axuda de acordo coas certificacións expedidas a tal fin polos correspondentes Servizos Sociais.
 - Outras persoas ou grupos identificados no Plan Nacional de Inclusión Social.

Como situación excepcional, poderán ser persoas beneficiarias:

- Coidadores/as non profesionais que atenden a persoas en situación de dependencia ou persoas que sendo posibles/potenciais futuras coidadoras non profesionais non estean dados de alta como tales na Seguridade Social (dentro do Convenio Especial da Seguridade Social, Real Decreto 615/2007)

xa que neste caso, non poderían ser destinatarias das accións formativas do proxecto.

- Persoas que tendo sido seleccionadas como beneficiarias do proxecto, teñan a posibilidade ao longo do desenvolvemento da acción formativa, de obter un contrato de traballo temporal, a tempo parcial, en horario compatible co proxecto.